


Partes dunha boca de incendio equipada (BIE)



ARMARIO

Universidade de Vigo

Servizo de Prevención
de
Riscos Laborais

BOCAS DE INCENDIO
EQUIPADAS (BIE)

BOCAS DE INCENDIO
EQUIPADAS (BIE)



Universidade de Vigo

Servizo de Prevención
de
Riscos Laborais

Utilización dunha boca de incendio equipada (BIE)

Que é unha boca de incendio equipada?

Unha BIE é unha instalación fixa de extinción de incendios que permite transportar e proxeccionar auga dende un punto fixo dunha rede de abastecemento de auga ata o lugar do lume.



Debemos coñecer a súa localización. A súa situación ten que ser ben visible, sen nada que impida acceder a ela, e debe estar

sinalizada.

Tipos de BIE

1. BIE de 45 mm (planas). Está dotada dunha manguera flexible plana. É necesaria a súa extensión total para poder utilizala, conducen caudais elevados, polo que a forza de reacción é alta.
2. BIE de 25 mm (semirríxida). Está dotada dunha manguera tubular semirríxida.

Para que tipo de lume serve?

Axente extintor	Clase de lume			
	A	B	C ⁽¹⁾	D
Auga pulverizada	***	**	*	*
Auga a chorro	***	**	*	*
A: sólidos B: líquidos C: gases D: químicos				
*** Moi adecuado ** Aceptable * Non utilizar				

Modo de uso das bocas de incendio equipadas

1. Abrir a porta do armario ou romper o cristal (segundo o modelo).
2. Desenrolar a manguera (totalmente se é de 45 mm).
3. Suxeitar a brazo-embocadura. No caso de que a BIE sexa de 45 mm é necesaria a actuación, polo menos, de dúas persoas.
4. Abrir a billa de paso da auga (válvula) lentamente.
5. A boca da BIE permite a saída da auga en forma de chorro compacto (que permite acadar lugares afastados) ou de maneira pulverizada, moi útil para evitar que o lume se espalle cando se trata de sólidos, materiais granulados ou partículas de pouco peso.
6. Antes do ataque ao lume, asegurarse de que se pisa firme, comprobar o funcionamento da embocadura e a presión da manguera.
7. Iniciar o ataque ao lume. A posición máis axeitada é poñendo o corpo de lado para expoñerse o menos posible á calor do incendio.
8. No caso de perder o control do brazo, pisalo e suxeitalo contra o chan para evitar que o poida golpear.
9. Cando o lume estea dominado, pechar a válvula con suavidade, sen soltar a brazo ata que a válvula estea completamente pechada para evitar que a manguera golpee os usuarios.
10. EN PRESENZA DE CORRENTE ELÉCTRICA NON É ACEPTABLE O USO DE AUGA COMO AXENTE EXTINTOR.

1 ABRIR A PORTA DO ARMARIO OU ROMPER O CRISTAL (SEGUNDO O MODELO)



2 DESENROLAR A MANGUEIRA (TOTALMENTE A DE 45 mm)



3 SUXEITAR O BRAZO-EMBOCADURA E ABRIR A CHAVE DE PASO DA AUGA LENTAMENTE



4 DIRIXIR O CHORRO DE AUGA CARA Á BASE DO LUME



BOCAS DE INCENDIO EQUIPADAS (BIE)